



PEPE CARREIRO

Os bolechos

guías



POLA IGUALDADE

XUNTA DE GALICIA

 bolanda

Ilustracións e textos: Pepe Carreiro / Estudio Carreiro


Depósito Legal: C 2159-2019

Impreso en Galicia


Edita: Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Igualdade


Os Bolachos^{®TM}
PEPE CARREIRO

guias



POLA IGUALDADE






Como educan
mamá e papá
Bolechas as súas
fillas e fillos?




Mamá e papá Bolechas aprenden **as fillas e os fillos** a facer as tarefas da casa. Porque a mamá e o papá tamén as fan.





As tarefas deben de facelas entre todas as persoas que viven na casa. **Tanto mulleres como homes, nenas e nenos.**


Os Bolechas tamén aprenden na escola que **as nenas e os nenos** teñen os mesmos dereitos e as mesmas obrigas.



Tanto as nenas como os nenos, como as mulleres e os homes, **somos** **persoas iguais, respectando a diversidade**. Ninguén é máis ca ninguén.









**Pero as cousas
non eran así
cando as avoas e
os avós eran
novos.**


Cando as avoas e os avós eran novos, **as tarefas da casa facíanas só as mulleres**. Os homes non facían nada na casa.




As mulleres **lavaban**, **limpaban**, **pasaban o ferro**, **cociñaban**, **coidaban** as fillas, os fillos e as persoas maiores da familia.




As mulleres traballaban case todas na casa, facendo as tarefas e coidando. Os homes traballaban fóra.




As mulleres que traballaban fóra da casa, traballaban de coidadoras, limpadoras, cociñeiras... **Nin de médicas, nin de avogadas, nin pilotando avións.** Estas eran profesións só de homes.





Pero as cousas están cambiando! Agora xa non son como cando as avoas e os avós eran novos.



As nenas e os nenos xa saben que son **persoas iguais**, aínda que sexan diferentes.


Os Bolechas **axudan a facer as tarefas da casa**. Braulio varre,
Sonia recolle a mesa, Loli limpa o po...



Pili leva a roupa á lavadora, Carlos tende a roupa a secar, e Tatá e mais Chispa recollen as zapatillas.



E os Bolechas tamén choran? Claro! **Teñen sentimentos**. Choran, teñen medo, enfádanse, alégranse, namóranse, encariñanse...




Loli enfádase cando perde.

Braulio ten medo nos cuartos escuros.


Carlos chora cando ve películas tristes.

Sonia namórase todos os días.

E como visten? Pois **visten como queren**. Á súa propia moda:
camisa rosa, camiseta de manchas de cores, traxe e gravata...



E cando fan algo importante saen na televisión. Unha televisión que fixeron eles cunha caixa de cartón.



Na súa televisión saen tanto mulleres como homes. Bombeiras, cociñeiros, médicas, tenistas, enxeñeiras, pilotos, arqueólogas, científicos ou pintores.




Ui! Que lles pasou a Carlos e á súa amiga Mariña? Seica teñen problemas por unha cantimplora. **Todas as persoas temos problemiñas.**



Pero os problemas non se solucionan enfadándonos nin berrando nin pelexando. Soluciónanse mellor **parándonos a pensar** e **dialogando**.
Carlos pensa no sofá da sala da súa casa.





Que pasa na casa da familia veciña? O pai está moi violento.
A nai, a filla e o fillo necesitan axuda!




Todas as persoas temos que axudar as mulleres e as nenas e nenos que sofren violencia de xénero.




Os Bolechas xogan ás profesións. A cadaquén gústalle a súa cousa: Carlos e Chispa son **camioneiros**, Loli **médica**...



Sonia é **bombeira**, Braulio **coidador de gardaría**, Tatá vai á gardaría de Braulio, e Pili é **mecánica de automóbiles**.





E con que xoguetes xogan? Cada día xogan con un. Hoxe Carlos xoga con **Supernena**, Loli coa **canastra de baloncesto**...



Pili xoga no **rocódromo**, e Braulio e Sonia coa **cociña** e mais cos **cacharriños**.







Como será a
vida dos
Bolechas cando
sexan maiores?

Cando os Bolechas sexan maiores as tarefas faranas **entre todas as persoas que vivan na casa.**



Carlos **bañará a filla** e a súa parella pasará a aspiradora.
E Loli **limpará o po** e a súa parella **pasará o ferro**.



E cando os Bolechas sexan maiores tamén chorarán? Claro!
E terán sentimentos como cando eran pequenos.



Loli enfadarase
cando perda.



Braulio terá medo
cando ande por
lugares escuros.




Carlos chorará cando
vexa películas tristes.



Sonia namorase
todos os días ou
cada mes.

E vestirán como queiran, como cando eran pequenos? Claro!
Vestirán á súa propia moda: traxe e gravata, roupa hippy...



E cando fagan algo importante sairán na televisión de verdade, tanto as mulleres coma os homes. Non na de cartón como cando eran pequenas e pequenos.





Tatá igual sae por **pintar** o mural máis longo do mundo.



Sonia, por ser a **arqueóloga** que atopou unha ola de hai moitos séculos.



Loli, por gañar as **24 horas** de Le Mans.



Carlos, por recibir a medalla de ouro ao **cociñeiro** que mellor fai os bocadillos de salchichón.




Pili, por ser a **enxeñeira** que construíu a ponte máis longa do mundo.



Braulio, por **descubrir** un líquido para facerse invisíbel.

Ui! E seguirán a ter algúns problemiñas. **Como todo o mundo.**
Loli e un amigo enfadaranse por calquera parvada.



Pero saberán solucionar os problemas **parándose a pensar e dialogando**. Sen enfadarse, sen berrar e sen pelexar.







E oxalá poidan ler no xornal esta gran noticia:


**Xa non hai
violencia de
xénero.**






Cando os Bolechas sexan maiores, **as mulleres e os homes traballarán no que lles guste**: médicas, enfermeiros, limpadores, capitás, bombeiras...



As nenas e nenos **xogarán cos xoguetes que queiran**. O fillo de Carlos igual quere xogar con Supernena, a boneca coa que xogaba Carlos de pequeno. E outro día cun camión.



E a filla de Pili igual quere xogar cun coche teledirixido, como cos que xogaba Pili cando era pequena. E outro día, con bonecas e cacharriños.



Lembra:



As tarefas da casa deben de facelas tanto as mulleres como os homes.

Os sentimentos son tanto de nenas como de nenos: chorar, ter medo, namorarse, enfadarse...

Cada un viste como queira. Tanto ten ser nena ou neno, muller ou home.

Nos medios de comunicación deben de saír tanto as mulleres como os homes.

Lembra:



Os problemas debemos de resolvelos dialogando.



Todas as persoas debemos de rexeitar a violencia de xénero contra as mulleres, as nenas e os nenos.




As profesións e os oficios son tanto de mulleres como de homes.




Os xogos e os xoguetes son tanto de nenas como de nenos.



O día 8 de marzo de cada ano celebramos o **Día Internacional da Muller**. E o 25 de novembro o **Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller**.



Se educamos en igualdad viviremos en igualdad!



A igualdade favorece a mulleres e a homes. A toda a sociedade!



POLA IGUALDADE

Na casa dos Bolechas mulleres e homes axudan por igual nas tarefas diarias.
Mamá e papá Bolechas educan as fillas e fillos en igualdade. Porque se
educamos en igualdade viviremos en igualdade!



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE LA PRESIDENCIA, RELACIONES CON LAS CORTES
E IGUALDAD



XUNTA
DE GALICIA